



DEPUTACION
DA CORUÑA
www.dicoruna.es

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os grupos políticos da Deputación da Coruña, a proposta desta Presidencia, desexan expresar a súa máis fonda noraboa á Asociación da Prensa da Coruña con motivo da celebración do centenario desta entidade, feito que acontecerá o vindeiro 5 de decembro.

Na Asociación da Prensa da Coruña concurren moitas circunstancias que a fan acreedora deste recoñecemento institucional pois ela foi testigo privilexiado do acontecer histórico e da evolución cultural, económica e social da nosa cidade e, por ende, tamén da provincia, durante os cen últimos anos.

A Asociación da Prensa da Coruña, integrada ó longo da súa vida por homes e mulleres que encontraron no xornalismo a forma de construír unha sociedade mellor, representa hoxe os valores duns profesionais que co seu traballo fan posible o dereito constitucional dos cidadáns ó libre acceso á información e á expresión das súas ideas.

Esta centenaria entidade, unha das máis antigas de España, constitúe tamén un referente na historia do xornalismo galego, e moitos dos seus membros contribuíron a escribir as mellores páxinas dos xornais máis importantes da Comunidade Autónoma.

Este recoñecemento institucional pretende ser a mellor homenaxe que os grupos políticos da Deputación da Coruña queren tributar tanto a asociación, e as persoas que a integraron ó longo destes cen anos, como os xornalistas que hoxe a compoñen, quenes co seu traballo contribúen a construír unha sociedade mellor, a manter o compromiso de ter informados ós cidadáns.

A piques de cumprir o primeiro século da súa historia, a Asociación da Prensa da Coruña ten un pasado cheo de éxitos e un futuro ilusionante. Noraboa por isto, e noraboa tamén ós xornalistas que hoxe pilotan os actos conmemorativos do centenario.